

ASUNTO PLE/2021/00049262P

ACTA NÚM. 16 - SESIÓN ORDINARIA 28 DE OUTUBRO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **28 de outubro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente no salón de sesións)
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres (presente no salón de sesións)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (presente no salón de sesións)
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei) (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro (presente no salón de sesións).

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor xeral do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria de 30 de setembro e extraordinaria de 8 de outubro, do corrente ano.**
- 2. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10. Estrada de Vigo-Chouchiños.**
- 3. Toma de coñecemento da presentación do DAE da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12. Antigo Colexio Manuel Peleteiro.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal de CA contra as violencias machistas e para lembrar ás mulleres vítimas da violencia e o movemento feminista Compostelá na conmemoración do 25-N.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a modificación de ordenanzas fiscais e a divulgación das bonificacións e exencións.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a unificación oficial da delimitación xeográfica e sinalización toponímica de Santiago de Compostela.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre o contrato para a xestión dos expedientes sancionadores.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a baixada de impostos municipais.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para realizar obradoiros de emprego e outras accións formativas no ámbito laboral da hostalería.**
- 10. Dar conta de resolución da alcaldía de delegación de funcións.**
- 11. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 12. Solicitude do grupo municipal do BNG de comparecencia da concelleira delegada de cultura para dar explicacións sobre os problemas derivados dos prazos nas convocatorias de axudas para o sector cultural profesional e asociacións.**
- 13. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo BNG sobre o concurso do servizo de comedores escolares.
- 2.- Presentada polo PP sobre a área de turismo.

Rogos:

- 1.- Presentado por CA para limitar o acceso de vehículos á Praza do Obradoiro.
- 2.- Presentado por CA para continuar os traballos de asfaltado, abastecemento e saneamento en Angrois.
- 3.- Presentado polo BNG para evitar recorte de profesorado nos centros de ensino de Monte dos Postes e das Fontiñas.

- 4.- Presentado polo BNG para a instalación dun espello entre as rúas de Touro e Teo co obxectivo de incrementar a seguranza viaria.
- 5.- Presentado polo BNG para a mellora das beirarrúas na Avda. de Ferrol.
- 6.- Presentado polo PP para melloras na contorna da Avda. de Coimbra.
- 7.- Presentado polo PP sobre a sinalización do tránsito de peóns na Avda. Xoán Carlos I, á altura da estación de servizo.
- 8.- Presentado por CA para a correcta instalación da marquesiña na parada de autobuses de Lamas de Laraño.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo BNG sobre a liña de autobús e marquesiñas na parroquia de Busto.
- 2.- Presentada por CA sobre a necesidade de implantar a sinalética na ruta cultural Barciela-Marantes.
- 3.- Presentada por CA sobre axudas culturais ás actividades do sector profesional.
- 4.- Presentada polo BNG sobre problemas de accesibilidade no transporte urbano.
- 5.- Presentada polo PP sobre a venda de alcohol e o uso dos aseos públicos nos quioscos de concesión municipal.
- 6.- Presentada polo PP sobre a permanencia da rotonda provisional entre a rúa do Hórreo e a rúa de San Pedro de Mezonzo.
- 7.- Presentada polo PP sobre o uso de vestiarios e duchas no deporte base.
- 8.- Presentada por CA sobre os traballos desenvolvidos polo tractor rozador anteriormente dependente da concellaría de medio rural.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo BNG, investigación sobre os incidentes producidos días 23-24 de setembro.
- 2.- Presentada por CA, sobre a regulación da música ao vivo nos locais da cidade.
- 3.- Presentada polo BNG, sobre sinalización en Vite de Abaixo.
- 4.- Presentada polo BNG, sobre negociación dos fondos Next Generation.
- 5.- Presentada polo BNG, sobre subministración de auga na fonte da Almaciga.
- 6.- Presentada polo BNG, sobre o estacionamento na Praza do Obradoiro.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada por CA sobre a construción dunha nova piscina municipal cuberta en Santa Marta.
- 2.- Presentada polo BNG para a mellora dos servizos básicos en Verdía.
- 3.- Presentada polo BNG para facer unha campaña contra as violencias de xénero na adolescencia con motivo do 25N.
- 4.- Presentada polo BNG sobre o anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo da auga.
- 5.- Presentada polo BNG par que o concello se adhira á iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza.
- 6.- Presentada por CA para a implantación de melloras no Refuxio de Bando.
- 7.- Presentada por CA para a recuperación dunha oferta diversa e inclusiva de actividades para os locis e centros rurais da rede de CSC.
- 8.- Presentada por CA para que o concello impulse a construción dunha senda peonil que conecte o lugar da Gracia co Polígono do Tambre.
- 9.- Presentada polo PP para demandar ao goberno do estado do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada AP-53.
- 10.- Presentada polo PP para establecer unha convocatoria específica para o pagamento da factura eléctrica.

O rogo que figuraba como punto núm. 4 da relación de rogos, presentado polo BNG para a instalación dun espello entre as rúas de Touro e Teo co obxectivo de incrementar a seguranza viaria e a pregunta oral que figuraba como punto núm. 7 da relación de preguntas orais, presentada polo grupo municipal do PP, sobre o uso de vestiarios e duchas no deporte base, foron retirados.

Antes de dar comezo a tratar os asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación sométese a votación a declaración de urxencia da declaración institucional para levar á comisión de títulos, honras e condecoracións a petición de dedicarlle unha rúa a “Elisa e Jimena Fernández de la Vega”, sendo declarada a urxencia por unanimidade e aprobada tamén por unanimidade.

O seu contido é o seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Mediante a presente declaración o Concello de Santiago de Compostela quere homenaxear e recoñecer a dúas mulleres pioneiras, Dona Jimena María Francisca Emilia Fernández de la Vega y Lombán, e Dona Elisa Fernanda María del Carmen Fernández de la Vega y Lombán.

As irmás Elisa e Jimena Fernández de la Vega y Lombán, comezaron en 1914 os seus estudos na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela. Só transcorreran tres anos dende que o Goberno español levantase as restricións para a matriculación das mulleres na universidade. Antes de 1910 debían cursar unha autorización para comezar a estudar nela, un trámite que, unido á discriminación da época, provocaba que apenas houbese mulleres nas aulas universitarias. Até 1900, co fito de Manuela Barreiro, ningunha muller se tivese graduado na universidade compostelá. Pero houbo que esperar até 1919, coa licenciatura de Elisa e Jimena, para que dúas mulleres se convertesen nas primeiras tituladas en Medicina de Galicia.

As dúas irmás iniciáronse na investigación no laboratorio de Nóvoa Santos. O seu bo desempeño valeulles, con menos de 30 anos, o recoñecemento coa Gran Cruz de Alfonso XII por méritos académicos. Tras completar a carreira en Santiago trasladáronse a Madrid para desenvolver as súas teses doutorais e é nesta etapa cando as súas carreiras comezan a enfocarse cara a distintas disciplinas. Particularmente destacou o papel de Jimena Fernández de la Vega, no eido da investigación xenética, colaborando na súa vida profesional con persoeiros destacados coma Gregorio Marañón ou Gustavo Pittaluga.

O legado das irmás Fernández de la Vega e Lombán pervive hoxe en Galicia. En 1996, con motivo da celebración dos 500 anos da Universidade de Santiago, a institución dedicoulles unha aclamación, o primeiro que homenaxea a mulleres en toda a súa historia. E a antiga sede do Vicerreitorado de Estudantes en Casas Reais, leva hoxe o seu nome.

Querendo continuar co seu legado e homenaxe merecido, por petición do reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Don Antonio López Díaz, estímase acaído nomear ao novo vial xurdido da adecuación do Campus Sur – Cidade da Saúde (entre as estradas de San Lourenzo e de Noia) co nome das irmás Fernández de la Vega. Seguindo así a tradición de nomear as rúas do Campus da

USC con persoeiros de destacada traxectoria e relacionados coa actividade universitaria.

Por todo isto, asínase esta declaración institucional para levar á Comisión de Títulos, Honras e Condecoracións a petición de dedicarlle a rúa mencionada a “Elisa e Jimena Fernández de la Vega”.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DE 8 DE OUTUBRO, DO CORRENTE ANO.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 30 de setembro de 2021, núm. 14 e extraordinaria do día 8 de outubro de 2021, núm. 15.

2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO SUD 9-10. ESTRADA DE VIGO-CHOUCHIÑOS.

O informe xurídico da xefa de sección de xestión urbanística de data 18 de outubro do corrente ano e proposta da concelleira delegada da área de urbanismo asinada o día 19 seguinte, e que ven co conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“A modificación fórmulase de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión (SPX), co obxecto principal de executar a sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no PO 4761/2007 (EJD 4037/2019).

A sentenza anula as determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe á clasificación de concretos terreos propiedade do recorrente, incluídos no sector de solo urbanizable SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), declarando o Tribunal a súa condición de solo urbano consolidado.

Os terreos afectados pola sentenza son dúas parcelas catastrais, sitas na confluencia da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana:

5864504NH3456D0001SA (Rúa da Volta do Castro, núm. 2)
5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1), dividida en dúas subparcelas, coas referencias 5864503NH3456D0001EA e 5864503NH3456D0000WP

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O PXOM vixente inclúe os terreos afectados pola sentenza no ámbito do SUD 9-10, coa clasificación de solo urbanizable, e os cualifica como sistema viario, destinados a completar a rotonda de enlace da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana.

As determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-9-10 regúlanse no artigo 67 do PXOM, co contido que deseguido se transcribe:

Art. 67. Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD 9-10 ESTRADA DE VIGO – CHOUCHIÑOS.

O sector SUD-9, situado en contacto coa Estrada de Vigo, constitúe unha bolsa de solo mixto para usos terciarios e residenciais vinculados ao Hospital Provincial e con

boa accesibilidade desde a citada estrada. A súa superficie bruta é de 18,12 Ha. Integra o Outeiro do Castro de Conxo e a súa ladeira sur ata o periférico e esténdese ao norte ata o solo urbano de Chouchiños. Constitúe un ámbito de remate, cunha clara función de crear unha nova fachada da cidade, pero sen interferir na visión do Outeiro do Castro.

Para o desenvolvemento do plan parcial correspondente establécense as seguintes determinacións:

1. Ordenarase mediante un único plan parcial cunha edificabilidade máxima de 0,45 m²/ m² destinada a uso mixto residencial e terciario. O plan parcial terá determinación de plan especial no que se refire a restos arqueolóxicos que poidan aparecer pola proximidade do Castro de Conxo.

2. Establécese unha densidade máxima de 33 vivendas/Ha.

3. O uso característico é o residencial. Destinarase a vivenda unifamiliar o 5% da edificabilidade residencial, con usos comerciais e complementarios en planta baixa ocupando ata o 12% da edificabilidade. Destinarase a uso terciario extensivo en edificio exclusivo e outras situacións especializadas na edificación ata o 30% da edificabilidade.

A ordenación garantirá a apertura dunha nova vía dende o nó do periférico e a estrada de Vigo e o vial de Chouchiños.

Poderán establecerse tolerancias de uso industrial tipo escaparate, nas marxes da estrada de Vigo, segundo as condicións de compatibilidade definidas na presente normativa.

4. A efectos de integración ambiental, paisaxística e patrimonial o Outeiro do Castro de Conxo presérvase na zona verde de sistema xeral PU-22. No seu contorno localizaranse preferentemente espazos libres de sistema local, ata o límite definido polo viario proposto no plano de ordenación, incluíndo a totalidade da zona de respecto especial. A tal efecto as dotacións de zonas verdes de sistema local serán como mínimo do 20% do ámbito ordenado.

No resto do ámbito SUD-9 establécese a obriga de realizar, con carácter previo á elaboración do Plan Parcial, as intervencións arqueolóxicas necesarias de cara a avaliar a potencialidade arqueohistórica do subsolo e establecer pola Consellería de Cultura e Deporte as condicións de elaboración do plan parcial e de execución das obras que garantan a conservación “in situ” dos restos arqueolóxicos que poidan existir.

Os trazados indicados en planos de ordenación entenderanse como orientativos, salvo outra indicación neste artigo.

5. A altura e volumetría da edificación deberá ser estudada coa fin de garanti-la axeitada integración ambiental e de respecto ó ben patrimonial existente no ámbito.

6. As reservas para dotacións determinaranse de acordo coa LOUG.

7. Os sistemas xerais imputados ó sector son:

- Ao interior do ámbito: 15.646 m² do Parque do Castro de Conxo (PU-22): 7.600 m²

no Sanitario-Universitario de Cantaleira (S-4/EU-12).

- Ao exterior do ámbito: 5.630 m² localizados no parque lineal de Volta do Castro (PU-12); 5.880 m² na área deportiva de San Lázaro (ZD-2); 3.874 m² localizados no parque urbano Eugenio Granell (PU-9).

Os terreos lindantes, non incluídos no ámbito do SUD 9-10, teñen no PXOM vixente a clasificación de solo urbano consolidado, e son edificables nas condicións da ordenanza 3.

No ámbito de estudo da presente modificación inclúense tamén as parcelas 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A do PXOM.

2. XUSTIFICACIÓN E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

O obxectivo principal da modificación é dar estrito cumprimento á sentenza do TSXG, que impón a categorización de dúas parcelas catastrais como solo urbano consolidado e, en consecuencia, obriga a excluílas do sector de solo urbanizable SUD 9-10, alterando así a delimitación do solo urbano e urbanizable establecida no PXOM.

En consecuencia, procédese a excluír do SUD-9-10 a parcela catastral 5864504NH3456D0001SA, e parte da 5864503NH3456⁽¹⁾, quedando as dúas parcelas afectadas clasificadas na súa totalidade como solo urbano consolidado.

Simultaneamente, procédese a axustar as previsións do Estudo económico financeiro do Plan xeral relativas á execución do enlace viario, ao se tratar dunha infraestrutura do sistema viario local de especial interese para garantir a mobilidade nesta zona da cidade. Así, en cumprimento do disposto polos artigos 59.2 da LSG e 143 do RLSG, avalíase o custo de expropiación do solo destinado á rotonda de enlace na rúa da Volta do Castro, que podería adquirirse pola administración municipal a través de calquera dos procedementos habilitados pola lexislación do solo de Galicia para a obtención de dotacións en solo urbano consolidado (artigos 129.1 da LSG e 315.1 do seu Regulamento).

Os artigos 20.a) da LSG e 30.a) do RLSG obrigan aos propietarios de solo urbano consolidado a *ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais situados fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente*. No plano de ordenación nº 4 figura delimitado o terreo de cesión obrigatoria esixible aos propietarios da parcela 5864503NH3456, para os efectos de cumprimento do deber de cesión de viais establecido na normativa aplicable.

Polo que atinxe á urbanización ou execución do enlace viario, haberá de ser obxecto dun proxecto específico de obras que asegure a súa correcta integración no contorno, coa previa autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural. Con esta finalidade propónse instar a colaboración da Xunta de Galicia, ao se tratar dunha actuación vinculada á integración do Camiño Portugués, ao tempo que resulta determinante para resolver a accesibilidade ao Complexo do Hospital Clínico Universitario.

En cumprimento do esixido polo artigo 75.2 da vixente Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), incorpórase á ordenación do SUD 9-10 o trazado do Camiño Portugués que consta definitivamente aprobado pola Xunta de Galicia a través do Decreto 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela* (publicado no Diario Oficial de Galicia número 184 do 26.09.13).

A transposición deste novo trazado do Camiño Portugués -que difire do previsto no PXOM vixente- obriga a revisar as condicións de ordenación do SUD 9-10 que establece o artigo 67, en particular no que atinxe ao emprazamento dos espazos libres públicos, que deberán situarse na zona de protección do camiño. Esta afección do Camiño Portugués, unida á que resulta dos outros elementos catalogados no ámbito (Castrinho de Conxo e petróglifo), obriga a *compactar* a edificación dentro das zonas sen afección. A tal fin, propónse establecer como uso global característico a vivenda colectiva, ampliar a tolerancia dos usos terciarios e dotacionais -mesmo en edificio exclusivo- ata un 50% da edificabilidade total, e suprimir o límite de densidade (33 viv/ha) fixado no Plan xeral vixente.

Complementariamente, modifícanse tamén as condicións de edificación da parcela de solo urbano que da fronte á travesa da Choupana (5864503NH3456) como de seguido se resume:

- Defínense na normativa e nos planos de ordenación as aliñacións, liñas de edificación e altura máxima (B+4), así como o solo de cesión obrigatoria, para os efectos do artigo 30.a) do RLSG.
- En todo o non previsto expresamente, aplicarase a ordenanza 4 do PXOM.
- Calquera actuación na parcela e no ámbito delimitado polo DEC/154/2013 esixe a previa autorización da DXPC.

No ámbito das parcelas. 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A, non se altera a ordenación vixente, limitándose a modificación puntual a introducir a seguinte previsión:

No contexto dunha rehabilitación integral das edificacións ou dunha actuación para a mellora da accesibilidade, poderá estudarse a incorporación dalgún dos espazos situados entre os bloques á rede de itinerarios públicos peonís da cidade.

No documento elaborado pola Sección de Planeamento inclúese a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa
- Normativa resultante da modificación, que inclúe varios apartados:
 - *Nova redacción do artigo 67 da normativa do PXOM (Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD 9-10 ESTRADA DE VIGO – CHOUCHIÑOS)
 - *Normas de urbanización do sistema viario, a desenvolver a través dun proxecto específico de obras que deberá ser autorizado pola DXPC
 - *Medidas de protección dos bens catalogados existentes no ámbito
- Estudo económico financeiro, que incorpora tanto a memoria de viabilidade como a

de sostibilidade económica esixida polo artigo 143 do Regulamento (apartados 3 e 5).

- Planos (de información e de ordenación resultante)

Polo exposto, a modificación fundaméntase en razóns de estrita legalidade, derivadas da execución da sentenza e do cumprimento da normativa específica de protección do patrimonio cultural no ámbito territorial afectado.

3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta de Galicia de data 22.04.2021 (2020AAE2489) decidiuse non someter a modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, formulándose o preceptivo informe ambiental estratéxico.

No trámite de consultas ambientais obtivéronse os seguintes informes:

Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que lembra a necesidade de que o documento reúna o contido e nivel de determinacións esixido pola lexislación do solo de Galicia e polas Normas técnicas de planeamento (aprobadas por Orde de 10.10.2019)

Informe do Instituto de Estudos do Territorio, que sinala a necesidade de realizar un Estudo da paisaxe, *proporcionado ao alcance da Modificación e específico para o lugar* (directriz de paisaxe DX-03), de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020)

O Estudo da paisaxe figura no Anexo I da MP.

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que sinala varias cuestións:

- a) A delimitación do xacemento Castriño de Conxo (GA15078041) e do seu petróglifo (GA 15078084) axustarase á recollida no PXOM vixente.
- b) A normativa da modificación deberá incluír un réxime específico de protección tanto para o Camiño Portugués como para os xacementos arqueolóxicos e as súas zonas de protección, ou ben remitir á normativa do Plan xeral vixente.
- c) Deberase estudar o tráfico peonil, garantindo o paso seguro e cómodo dos peregrinos (...).

Sobre o xacemento e o petróglifo de Castriño de Conxo, recóllese na modificación puntual a delimitación contida no PXOM vixente, coa súa zonificación (área de protección integral, zona de respecto xeral e zona de respecto especial), ás que se aplica o réxime específico de protección sinalado no artigo 176 do Plan xeral vixente. O citado precepto, no seu apartado 7, obriga a incorporar a área de protección integral e a zona de respecto especial ao sistema local de espazos libres públicos do SUD 9-10, sendo esta unha determinación vinculante para o futuro plan de desenvolvemento, como así recolle o artigo 67 da normativa.

Non entanto o anterior, será o Plan parcial do SUD 9-10 o que estableza a ordenación máis detallada do solo urbanizable, respectando os criterios fixados na presente modificación puntual e a normativa sectorial aplicable. Ata tanto non se aprobe

o Plan parcial do SUD 9-10, calquera actuación nos ámbitos de protección integral e de respecto regularase polo disposto no artigo 176 do PXOM, e someterase a autorización da DXPC (artigo 39 da LPCG), coas excepcións que legalmente procedan.

Polo que atinxe ao Camiño Portugués, a delimitación que consta definitivamente aprobada polo Decreto do Consello da Xunta de Galicia DEC/154/2013 é posterior á aprobación do PXOM vixente, que deberá por tanto adaptar as súas determinacións urbanísticas ao novo trazado das diferentes rutas do Camiño de Santiago⁽²⁾. A presente modificación puntual limita o seu ámbito territorial ao SUD-9-10 e a dúas parcelas contiguas de solo urbano, incorporando neste ámbito a delimitación do Camiño Portugués aprobada polo DEC/154/2013, sendo directamente aplicable o réxime de protección e de autorizacións que resulta da súa normativa específica (artigos 75 a 82, 36 e seguintes da LPCG, e artigos 40, 41 e 42 da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, LRRR).

Polo tanto, e sen prexuízo da normativa específica de protección que haberá de concretar o futuro Plan parcial do SUD 9-10, a presente modificación puntual incorpora o trazado e o ámbito de protección do Camiño Portugués aprobados pola Xunta de Galicia, establece criterios protectores para a futura ordenación dos terreos afectados no ámbito do SUD 9-10, e reflicte a necesidade de someter a autorización previa da DXPC calquera actuación no ámbito delimitado, coas excepcións que legalmente procedan (artigo 39 da LPCG).

4. PROCEDEMENTO APLICABLE E ÓRGANO COMPETENTE

A modificación, en canto afecta a determinacións reservadas ao planeamento xeral polos artigos 52, 53 e 56 da LSG, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG).

O órgano competente para adoptar os acordos de aprobación inicial e provisional é o **Pleno municipal**, de conformidade co disposto polo artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local, que atribúe ao Pleno a facultade “a *aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística*”

A aprobación definitiva compete tamén ao Pleno municipal pola aplicación conxunta do dispostos nos artigos 123.1.i) da LBRL e 61.2 da LSG:

...

2. *Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.*

...

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en OUTUBRO de 2021.

b) En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 144.6 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública incluírá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o Documento ambiental estratéxico (DAE), o informe ambiental estratéxico (IAE) e o resumo executivo.

Durante o trámite de información pública darase traslado da documentación á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, para os efectos de que proceda a solicitar os informes autonómicos preceptivos e outorgue audiencia aos Concellos limítrofes.

Durante o trámite de información pública solicitaranse ao órgano competente da administración estatal os informes sectoriais preceptivos en materia de aviación civil e telecomunicacións.

Suspensión de licenzas e actos de comunicación previa

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e derruba no ámbito das parcelas catastrais 5864504NH3456D0001SA (rúa da Volta do Castro, núm. 2) e 5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1).

A suspensión inclúe tamén os actos de comunicación previa para implantar usos ou actividades non permitidos polo novo plan (artigo 86.3.d).

A suspensión non afectará aos proxectos que cumpran simultaneamente as determinacións da modificación e as do PXOM vixente (artigo 86.3.c).

Nas edificacións existentes poderanse autorizar obras de conservación e mantemento do uso preexistente ao abeiro do disposto polo artigo 90.1 da LSG.

Na parte da edificación existente non situada en solo cualificado como viario público poderán autorizarse tamén obras de reforma, sempre que non supoñan incremento do volume edificado ou unha rehabilitación integral equiparable á reconstrución total do edificio non xustificada en razóns de urxencia (artigo 86.3.a do RLSG).

En todo caso, e en cumprimento do esixido polo artigo 39 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, requirirase autorización previa do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural, coas excepcións que legalmente procedan, para as intervencións que se pretendan realizar nos seguintes ámbitos:

- Área de protección integral e zonas de respecto do Castriño de Conxo e do seu petróglifo.
- Ámbito da delimitación do Camiño Portugués aprobada polo DEC/154/2013.

A suspensión terá a duración máxima de DOUS ANOS, contado a partires do día seguinte ao do acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Con data 25 de outubro o grupo municipal de Compostela Aberta, presentou emenda para engadir un novo punto b) na proposta pasando o actual b) a ser o c), que quedaría como segue:

“b) Que de cara á aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños) se teña en consideración darlle maior superficie das parcelas dotacionais previstas que permitan a ampliación do Complexo Hospitalario e resolver os graves problemas de mobilidade e de estacionamento existentes en todo o ámbito.”

A emenda foi informada pola xefa da sección de xestión urbanística, con data 27 de outubro do corrente ano, co seguinte contido:

“Vista a emenda formulada polo grupo municipal de Compostela Aberta, relativa á Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD-9-10, infórmase:

A emenda propón que, de cara á aprobación definitiva da MP, se estude a posibilidade de outorgar maior superficie ás parcelas dotacionais “que permitan a ampliación do Complexo hospitalario e resolver mellor os graves problemas de mobilidade e estacionamento existentes en todo o ámbito”

A ordenación detallada do SUD.9.10 corresponde ao futuro plan de desenvolvemento - plan parcial ou plan especial-, que haberá de definir tanto as parcelas edificables como as dotacionais de dominio e uso público, concretando a súa cualificación específica como espazo libre, equipamento comunitario ou sistema de comunicacións (viario e aparcadoiros).

O equipamento sanitario-universitario (S-EU) ten a condición de SISTEMA XERAL, polo que corresponde ao Plan xeral a delimitación do solo que haxa de incorporarse ao sistema xeral de equipamento sanitario-universitario (artigo 105.1.f do RLSG), debendo indicar o PXOM os criterios de deseño e execución, así como o sistema de obtención dos terreos afectados.

O PXOM vixente prevé dúas pezas de sistema xeral de equipamento sanitario-universitario no ámbito do SUD 9-10, con fronte á rúa da Cantaleta. Son as reservas S-4/EU-12, cunha superficie total de 7.600 m², que deberán ser obxecto de cesión obrigatoria no desenvolvemento do sector.

Estas dúas pezas emprázanse nunha franxa de solo de maior extensión, que discorre paralela á rúa da Cantaleta, e cuxa ordenación detallada corresponde ao futuro plan de desenvolvemento (Plan parcial do SUD-9-10, ou, de ser o caso, Plan especial do sistema xeral S-4/EU-12).

Polo tanto, o plan de desenvolvemento que ordene detalladamente esta franxa de terreo pode situar nela reservas de solo dotacional público que complementen ás do sistema xeral S-4/EU-12 fixado no PXOM.

En todo caso, a ordenación do sistema xeral de equipamento sanitario-universitario S-4/EU-12 poderá efectuarse no plan parcial, ou a través dun plan especial de infraestruturas e dotacións.

O artigo 177 do RLSG habilita aos plans especiais de infraestruturas e dotacións para “planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral”.

Así mesmo, o artigo 183.2.a) do Regulamento permite que os plans especiais poidan cualificar novo solo dotacional, indicando o seu carácter público ou privado e, de ser o caso, identificar como sistema xeral ou local as instalacións afectadas.

Polo tanto, considero que a MP que se somete a aprobación inicial non impide a futura ampliación do solo dotacional a través do Plan parcial do SUD-9-10, ou, de ser o caso, a través da aprobación dun Plan especial de infraestruturas e dotacións.”

A emenda foi sometida a votación e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), aproba a emenda presentada.

Sometida a votación, a aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10, Estrada de Vigo-Chouchiños, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), polo que ao non acadar o quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, non se aproba a devandita modificación.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA PRESENTACIÓN DO DAE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO PERI-12. ANTIGO COLEXIO MANUEL PELETEIRO.

O informe xurídico emitido pola xefa de sección de xestión urbanística e proposta da alcaldía de data 21 de outubro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“Con data 29 de xullo de 2021 o Pleno Municipal adoptou o seguinte acordo no expediente de referencia:

Primeiro. Requirir ao equipo redactor a fin de que presente un **Documento ambiental estratéxico reformado**, que incorpore os seguintes axustes sobre o presentado o 21.07.2021:

1. Suprimir a alternativa 2, que se entende substituída pola alternativa 4.
2. Incorporar como unha variante da alternativa 5 a solución proposta no documento de aprobación inicial que fora elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en marzo de 2019.

Segundo. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), promovida polo Concello de Santiago.

A solicitude acompañarase do Borrador presentado o 21.07.2021, elaborado por RODRIGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, así como do Documento ambiental estratéxico que se achegue debidamente reformado consonte ao acordado no apartado primeiro.

En cumprimento do acordo transcrito, con data 30 de setembro achegouse o DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (DAE) reformado, acompañado do BORRADOR da Modificación.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (DAE)

O DAE incorpora os seguintes cambios ou reformas no epígrafe 4.3 (ALTERNATIVAS DE ORDENACIÓN CONSIDERADAS) sobre o que fora presentado en xullo de 2021:

4.3.3. Alternativa 2

Descríbese como alternativa 2 a que no DAE anterior aparecía como alternativa 3, que presenta o espazo público aberto cara á rúa República Arxentina, con edificación adosada ás medianeiras existentes nesa rúa.

4.3.4. Alternativa 3

Descríbese como alternativa 3 a que no DAE anterior figuraba como alternativa 5, que presenta o espazo público aberto cara á República Arxentina, con edificación adosada ás medianeiras, e cun paso aberto a San Pedro de Mezonzo.

4.3.6. Alternativa 5

Esta alternativa engádese como unha variante da alternativa 3, co espazo público aberto cara á República Arxentina e cun paso aberto a San Pedro de Mezonzo.

Diferéncianse da alternativa 3 en que a edificación se adosa só a unha das medianeiras existentes en República Arxentina, ademais doutros axustes na ordenación dos bloques ao interior do quínteiro.

Reproduce a proposta de ordenación do proxecto que elaborado polo Concello en marzo de 2019, que fora sometido ao Pleno Municipal o 10 de abril de 2019, pero que non obtivo a súa aprobación inicial.

As **alternativas 0, 1 e 4** non varían respecto do DAE presentado en xullo de 2021.

-A alternativa 0 representa a opción de non modificar a ordenación vixente, mantendo a definida no PERI-12 aprobado no 2005, hoxe incorporado ao PXOM vixente.

-A alternativa 1 consiste en manter a edificación existente na actual situación de *fóra de ordenación*, que só admite obras de mantemento e conservación do uso preexistente (dotacional privado).

-A alternativa 4 presenta o espazo público aberto cara á rúa San Pedro de Mezonzo, cun paso aberto á República Arxentina.

En consecuencia, conclúese que o DAE presentado o 30.09.2021 integra correctamente as reformas acordadas polo Pleno Municipal o día 29.07.2021.

BORRADOR

O Borrador presentado o 30 de setembro coincide co que fora presentado o 21.07.2021, e segue a desenvolver a alternativa 4 do DAE.

Non entanto o anterior, para evitar confusións, propónse remitir ao órgano ambiental o Borrador presentado en xullo de 2021, posto que é a este ao que fai mención expresa o acordo plenario.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno Municipal o 29 de xullo de 2021, **procede remitir ao órgano ambiental a seguinte documentación:**

-DAE reformado presentado o 30.09.2021, que integra as modificacións sinaladas no citado acordo plenario

-Borrador da modificación puntual presentado o 21.07.2021

Con base no exposto, **propónse ao Pleno Municipal adoptar o seguinte ACORDO:**

Tomar coñecemento do Documento ambiental estratéxico (DAE) da *Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro)*, presentado o 30.09.2021, que integra as reformas requiridas no acordo do Pleno Municipal de 29.07.2021, para a súa remisión ao órgano ambiental xunto co Borrador presentado o 21.07.2021."

Con posterioridade á sinatura do informe transcrito comprobouse que o contido do Borrador achegado o 30 de setembro non modifica o do presentado o 21 de xullo. Porén, dende o punto de vista da información dixital, calquera modificación no DAE esixe tamén substituír o Borrador, ao se tratar de dous arquivos vinculados, sendo este o único motivo polo que o equipo redactor presentou tamén un novo Borrador.

Polo exposto, **procede remitir ao órgano ambiental o DAE reformado e o Borrador presentados o 30.09.2021.**

En consecuencia, **propónse ao Pleno Municipal adoptar o seguinte ACORDO:**

Tomar coñecemento da presentación con data 30.09.2021 da seguinte documentación, para a súa remisión ao trámite de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

1. Documento ambiental estratéxico (DAE) da *Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro)*, que integra as reformas requiridas no acordo do Pleno Municipal de 29.07.2021.

2. Borrador da *Modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro)*, que substitúe ao presentado o 21.07.2021."

Á vista do informe proposta transcrito, e máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión do pasado día 22, o Pleno da Corporación toma coñecemento da presentación con data 30.09.2021 da seguinte documentación, para a súa remisión ao trámite de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

1. Documento ambiental estratéxico (DAE) da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), que integra as reformas requiridas no acordo do Pleno Municipal de 29.07.2021.

2. Borrador da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12 (antigo Colexio Manuel Peleteiro), que substitúe ao presentado o 21.07.2021.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS E PARA LEMBRAR ÁS MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA E O MOVEMENTO FEMINISTA COMPOSTELÁ NA CONMEMORACIÓN DO 25-N.

Foi presentada con data 18 de outubro do corrente ano, a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo manter e reforzar o compromiso do Concello de Santiago na loita contra as violencias machistas, actualizar os datos sobre igualdade de xénero en Santiago, reforzar os recursos e información dirixida ás mulleres, e realizar unha programación de actos e actividades municipais con motivo do 25 de novembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia contra as mulleres supón a manifestación máis extrema da desigualdade que existe entre homes e mulleres, como o maior obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e igualitaria. A violencia contra as mulleres e nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha situación estrutural relacionada co patriarcado. No último ano e medio, ademais, a pandemia provocada pola COVID19 afectou a millóns de persoas no mundo e polo tanto, provocando moitos efectos negativos nas mulleres. As restricións para combater esta crise sanitaria foron, para moitas vítimas das violencias, peores que o propio coronavirus, xa que ditas medidas obrigaron a reducir ao máximo as relacións sociais e a permanecer no círculo familiar máis estreito, é dicir, a ficar máis illadas co seu maltratador.

No que vai de ano, de acordo coas cifras oficiais, foron asasinadas 36 mulleres no Estado español, (datos actualizados no Ministerio de Igualdade a 12 de outubro de 2021) e unha muller foi asasinada en Galicia o pasado mes de setembro: Mónica Marcos, panadeira de cincuenta e dous anos, veciña do barrio de Birloque da Coruña. A estas cifras cómpre engadir os 21 menores de idade quedaron orfos por mor da violencia de xénero.

Como é ben sabido, a causa de todas estas violencias está directamente relacionada coa hexemonía patriarcal aínda vixente na nosa sociedade. É un problema estrutural, de aí que a súa erradicación esixa a posta en marcha de actuacións de carácter

integral e transversal, que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria.

Cómpre que desde as administracións públicas e, en particular, da administración local máis próxima á cidadanía, se acheguen todos os medios para combater e erradicar as violencias machistas. O asasinato é a manifestación máis extrema das violencias machistas, a punta do iceberg, pero son moitas máis e de moi diferentes formas as violencias que sofren as mulleres. Para afrontar todas estas violencias, é preciso recoñecer e identificar as graves fendas de xénero existentes no ámbito familiar, social, educativo, económico, cultural, etc. É imprescindible erradicar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas públicas efectivas na prevención das violencias machistas e na promoción da igualdade. Porque a loita contra as violencias machistas esixe un traballo constante e decidido por iso o concello de Santiago debe poñer no centro da súa actividade municipal a erradicación de todo tipo de expresións de violencia machista: debe ser unha prioridade política non unha simple retórica para as datas sinaladas.

Ante a proximidade do 25 de Novembro, o día Internacional contra as violencias machistas, que coincide coa celebración do pleno ordinario de novembro, é preciso que o Concello de Santiago cumpra cos compromisos e actuacións pendentes como os datos do Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero que continúan sen actualizarse. Igualmente está sen facer o novo Plan de Igualdade, o anterior Plan 2017-2020 rematou o ano pasado. A institución municipal compostelá debe amosar iniciativa institucional e activar toda unha serie de actuacións como lembrar sempre a todas as mulleres asasinadas por mor das violencias machistas e recoñecer o gran labor do movemento feminista de Compostela para lembrar esta data de convocatoria do 25-N en Compostela garantindo ao mesmo tempo os protocolos de seguridade sanitaria.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, e dando cumprimento aos sucesivos acordos plenarios sobre a violencia machista, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno urxe ao goberno local a:

1. Colocación dunha placa na Praza 8 de marzo en lembranza das mulleres vítimas das violencias de machistas.
2. Convidar e homenaxear o 25 de novembro no salón nobre do concello aos grupos representantes do movemento feminista compostelá pola seu traballo de loita constante contra as violencias machistas.
3. Actualizar os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás tanto do punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.
4. Realización e aprobación do novo Plan de Igualdade (2021-2024) pendente dende o ano pasado.
5. Programar actos e actividades municipais de apoio institucional ao 25 de novembro, Día internacional contra as violencias machistas.

6. Apoiar e colaborar co movemento feminista de Compostela na organización e loxística dos actos do 25-N.”

Foi debatida a presente proposición conxuntamente coa moción presentada polo BNG, sobre a mesma temática.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda urxir ao goberno local a:

1. Colocación dunha placa na Praza 8 de marzo en lembranza das mulleres vítimas das violencias de machistas.
2. Convidar e homenaxear o 25 de novembro no salón nobre do concello aos grupos representantes do movemento feminista compostelá pola seu traballo de loita constante contra as violencias machistas.
3. Actualizar os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás tanto do punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.
4. Realización e aprobación do novo Plan de Igualdade (2021-2024) pendente dende o ano pasado.
5. Programar actos e actividades municipais de apoio institucional ao 25 de novembro, Día internacional contra as violencias machistas.
6. Apoiar e colaborar co movemento feminista de Compostela na organización e loxística dos actos do 25-N.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS E A DIVULGACIÓN DAS BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS.

Con data 18 de outubro do corrente ano, presentouse a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a modificación de ordenanzas fiscais e a divulgación das bonificacións e exencións de taxas e tributos municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno local de Santiago está en proceso de revisión das Ordenanzas fiscais, as normas municipais que regulan os impostos do Concello e as taxas dos servizos que presta.

Cada tributo require unha ordenanza que se actualiza con carácter anual en que se determina quen debe pagar, o concepto polo que debe pagar, as bases que serven para calcular a contía do imposto e a tarifa ou porcentaxe que se aplica. Ademais, as ordenanzas especifican os casos especiais que poden dispor de exencións ou bonificacións, de ser o caso.

Pese a que moitas das bonificacións e exencións destes impostos e taxas fiscais teñen carácter social e ambiental, o Concello de Santiago non realiza unha campaña de divulgación coa información e transparencia oportunas para poder chegar a máis persoas potenciais beneficiarias.

Tal é o caso das exencións nos recibos da recollida de residuos e de subministración de auga para familias monoparentais (onde cómpre cambiar a redacción das mesmas por unha linguaxe máis adecuada), das bonificacións para aquelas persoas que practican a compostaxe domiciliaria ou para a mellora da eficiencia enerxética, entre outras.

Nesta última, cómpre tamén actualizar a ordenanza do IBI no relativo ás bonificacións por instalación de enerxías renovábeis, para o que se require unha potencia de 5 quilovatios/hora por cada 100 m² de superficie. Esta potencia é excesiva para o consumo real dunha vivenda familiar, o que fai inviábel e ficticia esa bonificación para as condicións actuais. Ademais, pódense establecer outras medidas complementarias como a redución ou bonificación da licenza de obra, como axuda indirecta á instalación de enerxías renovábeis.

Do mesmo xeito, xa é unha reclamación histórica por parte do BNG a aplicación do pagamento fraccionado en 12 meses dos impostos e taxas municipais, o denominado pagamento de impostos á carta; unha medida máis de carácter social para aliviar as economías domésticas e que tamén contribúe a manter unha estabilidade de ingresos municipais con carácter mensual para afrontar mellor as tensións de tesouraría.

Tamén se debe aplicar, logo dos estudos encargados polo Goberno local, o cobro polo paso de gasodutos e tendidos eléctricos pola utilización de solo de dominio público; unha cuestión aprobada polo Pleno por unanimidade en 2017 e que xa está implantada noutros municipios.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago actualizará as ordenanzas fiscais de 2022 para incluír o pagamento de impostos á carta en 12 mensualidades, novas bonificacións e exencións fiscais en materia social e de promoción de enerxías renovábeis, ademais de proceder a realizar unha campaña informativa para a súa divulgación entre a veciñanza compostelá.”

Debatéronse conxuntamente a presente proposición e a que figura como punto núm. 8 da orde do día, presentada polo grupo municipal popular, para a baixada de impostos.

Presentaron emendas á anterior proposición o grupo municipal de CA con data 26 de outubro do corrente ano, e posteriormente presentou transaccional in voce o grupo municipal do PP, que inclúe a presentada por CA, e tras ser aceptada a emenda transaccional, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello actualice as ordenanzas fiscais de 2022 para incluír o pagamento de impostos á carta en 9 mensualidades, así como as novas ou actualizadas bonificacións e exencións fiscais en materia social e de promoción de

enerxías renovables que deberán concretarse nos estudos oportunos excepto as relativas ao medio rural, incrementando as bonificacións por carencia de servizos no rural -carencia de dous servizos básicos: suba da bonificación do 60% vixente ata o 75% e carencia dun servizo do 30% vixente ata o 50%-, e bonificación do IBI ao 95% dos centros e locais veciñais e socioculturais que son propiedade das asociacións veciñais, ademais de proceder a realizar unha campaña informativa para a súa divulgación entre a veciñanza compostelá.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A UNIFICACIÓN OFICIAL DA DELIMITACIÓN XEOGRÁFICA E SINALIZACIÓN TOPONÍMICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Con data 18 de outubro foi presentada a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a unificación oficial da delimitación xeográfica e a sinalización toponímica de Santiago de Compostela, tanto das entidades de poboación, divisións e agrupamentos como dos lindes cos concellos próximos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela non dispón dunha delimitación xeográfica oficial única aprobada e publicada cos topónimos oficiais correspondentes de cada lugar e parroquia. Así, non existe unha cartografía actualizada e oficialmente aprobada que delimite as divisións xeográfico-administrativas coa aplicación de criterios explícitos sobre a identificación correspondente das distintas unidades de poboación, segundo consta en diversos informes do Departamento de Lingua Galega que foran encargados ao abeiro da demanda de colaboración da Real Academia Galega para os traballos de revisión de Nomenclátor de Galiza.

Se ben a cartografía do PXOM sobre a base dos tipos de solo inclúe os núcleos rurais, quizais non están ben delimitadas nin a localización exacta desas superficies das entidades de poboación nin os espazos con vivendas situadas fóra deses núcleos rurais, do mesmo xeito que as terras de labranza ou os montes que non se inclúen nun ou noutro lugar. Isto é fundamental para detectar necesidades e planificar con lóxica servizos básicos municipais como saneamento, abastecemento, internet ou mesmo temas vinculados á mobilidade e transporte urbano. Do mesmo xeito que resulta necesario para compartir servizos e infraestruturas cos concellos limítrofes que se poidan acometer

Ademais, isto agravouse no proceso de integración de zonas rurais na trama urbana cando se produciu un proceso de substitución de toponimia tradicional por novos nomes de rúas que figuran no Padrón municipal.

Nalgúns casos, a entidade singular que o Concello considera correspóndese cun só lugar e vén coincidir co sinalado tamén no Nomenclátor da Xunta. Noutros, parte do lugar foi organizado en rúas e permaneceu como unidade que as engloba e á vez inclúe poboación fóra delas (do propio núcleo e/ou diseminada). Nalgún outro, todo o antigo lugar está organizado en rúas e non existe unha entidade denominada lugar como tal, porque esas rúas parecen estar dentro do núcleo da cidade.

Tampouco existe unha determinación dos barrios que se corresponden con entidades

suburbanas, coas consecuencias que isto ten para a cohesión territorial e a identificación do territorio.

En canto ás parroquias, existen listaxes diferentes segundo se realice a consulta. Por poñer exemplos, a parroquia de Sar non aparece no nomenclátor municipal mais si no da Xunta e as parroquias de Santa Susana e de San Pedro non se recollen en ningún dos dous directorios. Xunto a isto, o ámbito territorial dos planos da parroquia de Vidán que manexan o Concello e a Xunta difiren nesa delimitación oficial. Outro exemplo é o de Angrois, que sae como lugar no nomenclátor da Xunta, con tres referencias (rúa, travesa e Camiño Real) no Padrón municipal e sen correspondencia con ningunha das unidades poboacionais do INE.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago adoptará as medidas necesarias, mediante unha comisión de traballo entre os departamentos municipais atinxidos e a colaboración doutros organismos externos, para alcanzar un acordo de fixación terminolóxica que aclare o valor referencial das denominacións que se usan para definir o concepto de entidade de poboación, entidade singular, entidade colectiva, núcleo urbano, núcleo diseminado, lugar, barrio e parroquia. Este acordo será publicado e comunicado a todos os departamentos e servizos municipais para dispor dunha mesma base de referencia xeográfica e toponímica.

2.- O Concello de Santiago realizará os traballos necesarios para a delimitación xeográfica precisa e graficamente documentada de todas as entidades de poboación, as súas divisións e agrupamentos, ademais de unificar oficialmente os lindes cos concellos veciños e os barrios no ámbito urbano. Con posterioridade, este acordo será publicado e comunicado a todos os departamentos e servizos municipais, así como a outros organismos e institucións.

3.- O Concello de Santiago revisará e completará a sinalización toponímica dos lugares do ámbito municipal, moi deficiente tanto no ámbito urbano como no rural.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que:

1.- O Concello de Santiago adoptará as medidas necesarias, mediante unha comisión de traballo entre os departamentos municipais atinxidos e a colaboración doutros organismos externos, para alcanzar un acordo de fixación terminolóxica que aclare o valor referencial das denominacións que se usan para definir o concepto de entidade de poboación, entidade singular, entidade colectiva, núcleo urbano, núcleo diseminado, lugar, barrio e parroquia. Este acordo será publicado e comunicado a todos os departamentos e servizos municipais para dispor dunha mesma base de referencia xeográfica e toponímica.

2.- O Concello de Santiago realizará os traballos necesarios para a delimitación xeográfica precisa e graficamente documentada de todas as entidades de poboación, as súas divisións e agrupamentos, ademais de unificar oficialmente os lindes cos concellos veciños e os barrios no ámbito urbano. Con posterioridade, este acordo será publicado e comunicado a todos os departamentos e servizos municipais, así como a

outros organismos e institucións.

3.- O Concello de Santiago revisará e completará a sinalización toponímica dos lugares do ámbito municipal, moi deficiente tanto no ámbito urbano como no rural.

Faise en descanso de 10 minutos cando son as 12:22 horas.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O CONTRATO PARA A XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES.

Con data 19 de outubro do corrente ano, foi presentada a proposición de referencia, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago ten encomendada a unha empresa a “xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos da seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios”, logo de resultar adxudicataria no correspondente procedemento de licitación. Segundo a oferta que resultou elixida, a empresa percibe o 26,8% do importe das infraccións en todos os cobros realizados en período voluntario.

Desde o Grupo Municipal Popular non cuestionamos a colaboración público-privada se esta se xustifica e se realiza cos necesarios controis, pero neste caso parece cuestionable que unha empresa privada, máis alá dunha función unicamente administrativa -como podería ser o caso da xestión dos impostos- poida acabar participando en cuestións como a instalación de radares ou nos labores para a resolución de alegacións e recursos presentados pola cidadanía.

Hai máis dun ano e medio, concretamente no mes de febreiro de 2020, este Grupo presentou unha iniciativa na que se advertía desta situación e se requiría ao Goberno que expuxera as súa previsións respecto da continuidade deste servizo e das posibles alternativas, que poderían pasar, en primeiro termo, por unha xestión directa do Concello, tendo en conta que boa parte do procedemento xa é deber da propia Administración; unha segunda alternativa viría dada pola adhesión ao servizo que para este fin presta a Deputación da Coruña, cun custo que suporía un 12% do recadado en vía voluntaria (manos da metade do custo do actual contrato); e unha terceira opción podería ser iniciar unha nova licitación do servizo, cunhas condicións máis axustadas á realidade actual da recadación, cunha maior transparencia e cunha delimitación estrita das funcións que lle corresponden á empresa e á administración.

Tendo en conta que o contrato subscrito a finais de 2018 ten unha vixencia inicial de tres anos e que está a piques de rematar, aínda que se contemplan dous anos de posible prórroga, tendo en conta os motivos anteriormente expostos, o Grupo Popular presenta para a súa consideración a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que non se manteña a prórroga do contrato para a “xestión dos expedientes sancionadores por infraccións

contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos da seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios”, nas mesmas condicións por dous anos, senón polo tempo estritamente necesario para que se articule unha alternativa de xestión que resulte máis transparente, que delimite as funcións que lle corresponden á empresa e á Administración, que garanta máis imparcialidade na tramitación das sancións e que sexa máis contida economicamente.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do goberno local a que non se manteña a prórroga do contrato para a “xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos da seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios”, nas mesmas condicións por dous anos, senón polo tempo estritamente necesario para que se articule unha alternativa de xestión que resulte máis transparente, que delimite as funcións que lle corresponden á empresa e á Administración, que garanta máis imparcialidade na tramitación das sancións e que sexa máis contida economicamente.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A BAIXADA DE IMPOSTOS MUNICIPAIS.

Foi presentada con data 19 de outubro do corrente ano, a proposición que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica que atravesa o país, cunha inflación galopante que se sitúa nunha taxa anual do 4% -a maior dos últimos 12 anos- e coa suba de produtos e servizos de primeira necesidade como a enerxía eléctrica ou os carburantes, cun incremento anual do 44% e o 22%, respectivamente, está a incidir dunha forma moi acusada na cidadanía.

Para superar esta situación faise preciso o concurso de todas as administración públicas para reactivar a economía, fomentar o consumo e axudar aos máis necesitados, aplicando políticas e medidas que contribúan á mellora das condicións das persoas e familias.

Neste senso, é unha imperiosa necesidade aproveitar as posibilidades dos orzamentos para estimular a economía, para o cal o Goberno municipal ten os deberes sen facer e enriba da mesa, como a obriga de executar en prazo os investimentos anuais, algo que non o está a facer con apenas un 20% sobre total proxectado. Unha execución do orzamento que debe ser combinada cun incremento do consumo para o cal é necesario un aumento da renda dispoñible para as persoas mediante a baixada de impostos.

É preciso recordar que o Goberno local elabora os seus orzamentos cos impostos recadados que despois non executa e acaban en avultados depósitos bancarios, como neste último ano que chegou aos 44,3 millóns de euros. Polo tanto, non existe escusa

por parte do Concello para non proceder a unha baixada de impostos, xa que o seu afán recadador, cunha previsión de aumento para este ano de determinados impostos, supón máis do mesmo -e dicir, máis presión fiscal- e non está xustificado, e doutra banda, nestas condicións onde mellor están os cartos é nos petos dos cidadáns.

A situación financeira do Concello permite adoptar unha medida como a redución de impostos, tendo en conta que a media anual de superávit nos últimos tres anos foi de 12,7 millóns de euros, ao que se suma unha media anual de depósitos bancarios por importe de 41,2 millóns de euros. Esta situación financeira do Concello debería actuar como unha obriga moral para coa cidadanía á hora afrouxar a presión fiscal ata acadar unha cantidade próxima aos 2 millóns de euros, que suporían unha inxección financeira para as familias e o conxunto da economía local.

A proposta que achega o Grupo Popular céntrase nos seguintes impostos:

- IBI (a contribución urbana) que sufriu un aumento constante desde a revalorización catastral realizada por un Goberno socialista hai unha década. Ese aumento desproporcionado das valoracións catastrais dos inmobles supuxo un aumento na recadación do Concello de varios de euros, que se consolida anualmente. Ademais é preciso recordar que o IBI non é precisamente un tributo ligado á capacidade económica, cando por exemplo pensemos nun xubilado que ten algún inmovel herdado pero que ten a súa vez unha pensión mínima coa que apenas chega a final de mes, o que lle pode supor que nese mes que se carga o IBI apenas ten remanente.

- O imposto de construcións, o imposto de plusvalías e a taxa de apertura (coa supresión desta taxa na maior parte dos supostos). Este grupo de tributos deberían axudar e funcionar como incentivo na recuperación económica xa que están ligados a sectores tradicionais municipais e tamén creadores o xeradores de emprego. En consecuencia, e conforme aos motivos anteriormente expostos, o Grupo Popular presenta para a súa consideración a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que coa maior axilidade posible proceda a tramitar unha rebaixa de impostos para a súa aplicación no vindeiro exercicio de 2022, que se concretarían cando menos nunha redución do IBI do 0,02% (pasando do 0,51% ao 0,49%), un descenso do 0,2% do ICIO (do 2% actual ao 1,8%), unha baixada do 2% das plusvalías (para situarse no 20%) e a supresión da maior parte dos supostos da Taxa de apertura.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), rexeita a proposición transcrita.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA REALIZAR OBRADOIROS DE EMPREGO E OUTRAS ACCIÓNS FORMATIVAS NO ÁMBITO LABORAL DA HOSTALERÍA.

A proposición do epígrafe presentada con data 19 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo que o Concello de Santiago atenda a crecente demanda de formación no ámbito de profesionais da hostalería a través de accións propias ou dos Obradoiros duais de Emprego en colaboración coa Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos, desde o tecido empresarial vinculado á hostalería tense mostrado unha grande preocupación pola falta de profesionais formados para realizar as tarefas propias do sector. Apostar un sector hostaleiro responsable e por un turismo sostible e non depredador significa tamén apostar por un servizo e atención de calidade. É por isto que resulta necesario que as administracións públicas colaboren e contribúan na mellora da calidade profesional, igual que fan noutros ámbitos, deste sector.

Neste sentido, o Concello de Santiago ven promovendo programas de obradoiros duais de emprego, subvencionando a Xunta de Galicia os gastos derivados da posta en marcha e desenvolvemento de obradoiro e dos custos de contratación das persoas mozas participantes. Estes obradoiros son programas públicos de formación e emprego nos que as persoas traballadoras desempregadas participantes reciben cualificación profesional ao mesmo tempo que desenvolven un traballo produtivo en actividades de utilidade pública ou interese social.

A etapa de formación en alternancia coa práctica profesional ten unha duración de 9 meses, que tamén está dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional. Desde o inicio da súa participación no obradoiro dual de emprego, o alumnado-traballador é contratado polo Concello de Santiago mediante un contrato para a formación e aprendizaxe, polo que percibe unha retribución equivalente ao 100% do salario mínimo interprofesional incluída a parte proporcional dunha paga e media extraordinaria.

Actualmente, está en marcha o proceso selectivo para o programa *Creas IV* que se corresponde cos obradoiros duais de emprego para o 2021 - 2022 promovido polo Concello de Santiago e que mantén liñas habituais de traballo xa desenvolvidas en anos anteriores concretamente cos obradoiros para “Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas” e para a “Confección e publicación de páxinas web”.

Nesta mesma convocatoria, sen embargo, concellos e comarcas galegas onde o turismo tamén ten un peso singular e importante están a aproveitar para desenvolver accións formativas nestes ámbitos como é o caso do Concello do Grove e o seu programa *A Lanzada IV* cos obradoiros de “Operacións básicas de cociña” e “Operacións básicas de restaurante-bar”, ou a Mancomunidade do Salnés que no seu programa *Hostalería do Salnés XIII* ofrece os obradoiros de “cociña” e “Restaurante-Bar” ou o propio Concello de Vigo que a través do *Vigo Capacita VII* imparte os obradoiros de “Cociña” e “Servizos de Restaurante”

Todas elas parecen liñas de formación interesantes para unha cidade como Santiago de Compostela, que ademais, con certeza, serían moi ben acollidas pola Asociación de Hostalería e, en xeral, polo conxunto do tecido asociativo empresarial do sector hostaleiro. Obradoiros de emprego que poderían ser complementados con outro tipo de accións formativas promovidas directamente polo propio Concello de Santiago e o seu departamento de Emprego.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e das necesidades de formación e de ter persoal cualificado no sector hostaleiro en Santiago de Compostela, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Pleno insta ao goberno local a:

Priorizar nos próximos exercicios a realización de obradoiros de emprego, ou outras accións formativas, vinculados ao sector hostaleiro co obxectivo de mellorar a calidade e a oferta de profesionais deste ámbito laboral.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a priorizar nos próximos exercicios a realización de obradoiros de emprego, ou outras accións formativas, vinculados ao sector hostaleiro co obxectivo de mellorar a calidade e a oferta de profesionais deste ámbito laboral.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS.

Dáse conta da resolución da alcaldía de data 15 de outubro do corrente ano, de delegación de funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, Dña. Mercedes Rosón Ferreiro, no período comprendido entre o día 15 de outubro (dende as 12:00 horas) ao 18 de outubro (ata as 00:00 horas) de 2021.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o día 17 de setembro ata o 21 de outubro de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión extraordinaria urxente 17/09/21.

Sesión ordinaria 20/09/21.

Sesión ordinaria 27/09/21.

Sesión extraordinaria urxente 28/09/21.

Sesión extraordinaria urxente 29/09/21.

12. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DELEGADA DE CULTURA PARA DAR EXPLICACIÓNS SOBRE OS PROBLEMAS DERIVADOS DOS PRAZOS NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS PARA O SECTOR CULTURAL PROFESIONAL E ASOCIACIÓNS.

Á vista da solicitude do BNG, a concelleira Dña. Mercedes Rosón Ferreiro acepta comparecer na presente sesión.

13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo BNG sobre o concurso do servizo de comedores escolares.
- 2.- Presentada polo PP sobre a área de turismo.

Rogos:

- 1.- Presentado por CA para limitar o acceso de vehículos á Praza do Obradoiro.
- 2.- Presentado por CA para continuar os traballos de asfaltado, abastecemento e saneamento en Angrois.
- 3.- Presentado polo BNG para evitar recorte de profesorado nos centros de ensino de Monte dos Postes e das Fontiñas.
- 5.- Presentado polo BNG para a mellora das beirarrúas na Avda. de Ferrol.
- 6.- Presentado polo PP para melloras na contorna da Avda. de Coimbra.
- 7.- Presentado polo PP sobre a sinalización do tránsito de peóns na Avda. Xoán Carlos I, á altura da estación de servizo.
- 8.- Presentado por CA para a correcta instalación da marquesiña na parada de autobuses de Lamas de Laráño.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo BNG sobre a liña de autobús e marquesiñas na parroquia de Busto.
- 2.- Presentada por CA sobre a necesidade de implantar a sinalética na ruta cultural Barciela-Marantes.
- 3.- Presentada por CA sobre axudas culturais ás actividades do sector profesional.
- 4.- Presentada polo BNG sobre problemas de accesibilidade no transporte urbano.
- 5.- Presentada polo PP sobre a venda de alcohol e o uso dos aseos públicos nos quioscos de concesión municipal.
- 6.- Presentada polo PP sobre a permanencia da rotonda provisional entre a rúa do Hórreo e a rúa de San Pedro de Mezonzo.
- 8.- Presentada por CA sobre os traballos desenvolvidos polo tractor rozador anteriormente dependente da concellaría de medio rural.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo BNG, investigación sobre os incidentes producidos días 23-24 de setembro.
- 2.- Presentada por CA, sobre a regulación da música ao vivo nos locais da cidade.
- 3.- Presentada polo BNG, sobre sinalización en Vite de Abaixo.
- 4.- Presentada polo BNG, sobre negociación dos fondos Next Generation.
- 5.- Presentada polo BNG, sobre subministración de auga na fonte da Almáiga.
- 6.- Presentada polo BNG, sobre o estacionamento na Praza do Obradoiro.

Despois do debate da primeira interpelación interrómpese a sesión cando son as 14:16 horas e retómase ás 16:01 horas.

O interventor xa non se reincorpora ao resto da sesión.

Vólvese a facer unha interrupción da sesión cando son as 16:56 horas e retómase cando son as 17:11 horas.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

A moción que figuraba na relación como número 9, presentada polo grupo municipal do PP, foi transformada en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais (PP, PSdeG-PSOE, CA e BNG), polo que as mocións presentadas para tratar na

presente sesión, son as que a continuación se transcriben:

NOVA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA EN SANTA MARTA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A natación é un dos deportes máis completos que, na nosa cidade, é practicado por millares de persoas nas instalacións públicas tanto no Multiusos Fontes do Sar como no Complexo Deportivo de Santa Isabel. Entre ambas piscinas superan os 300.000 usos anuais, dos que $\frac{1}{3}$ correspóndense con usos dos clubs federados. Cifras ás que habería que sumar tamén as da piscina universitaria e doutras de carácter privado que existen en Compostela. Con estes datos non é de estrañar que a demanda dun novo espazo público para practicar a natación sexa cada vez máis palpable, algo que aínda semella máis urxente se temos en conta que as limitacións actuais están a frear o crecemento dos clubs deportivos da cidade.

A dignificación das instalacións de Santa Isabel, así como a ansiada cuberta acristalada da piscina do Multiusos, facilitarán o uso deses equipamentos, pero non significarán unha solución integral e suficiente ás demandas para a práctica da natación existentes en Santiago a día de hoxe. É por todo isto que nos últimos anos ven collendo forma a necesidade de construír unha nova instalación deportiva centrada na práctica da natación, que conte cunha piscina e que se sitúe na zona sur da cidade onde hai solo dispoñible, por exemplo, na parcela DEP do SUP-6.

Por todo o anterior, na sesión do 30 de xaneiro de 2020 o grupo municipal de Compostela Aberta presentou unha moción no Pleno municipal que finalmente foi aprobada recollendo o seguinte acordo:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno de Santiago a elaborar unha planificación plurianual para que, durante o mandato 2019-23, se desenvolva un novo centro deportivo na zona sur da cidade, incorporando unha nova piscina que complemente as instalacións existentes; destinada a clubs de natación, waterpolo e triatlón e aberta a demandas de novas persoas usuarias; e especializada pola mañá no uso escolar, no uso terapéutico para persoas maiores, en programas para mulleres embarazadas, bebés, etc.
2. Impulsar unha comisión de traballo municipal na que, estando representados todos os grupos da Corporación, tamén participen representantes dos clubs que practican natación en Santiago, co obxectivo de marcar as necesidades específicas para a natación desta nova piscina municipal cuberta no ámbito de Santa Marta.
3. Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar co Concello de Santiago na construción e financiamento desta nova infraestrutura deportiva que será integrada na rede de piscinas municipais públicas conxuntamente coa de Santa Isabel e a do Multiusos.

Transcorridos case dous anos desde a celebración desa sesión plenaria descoñécese

se o goberno municipal está levando ou non adiante os trámites pertinentes para acadar o obxectivo de dar cumprimento ao acordo plenario, tendo en conta ademais que a concelleira Esther Pedrosa fixo as seguinte manifestación no transcurso da sesión plenaria:

“mostramos o noso compromiso absoluto por facer a piscina, pero non unha piscina senón a mellor das piscinas, aquela que se adapte ás necesidades e que recolla as propostas dos clubs e as suxerencias dos grupos da corporación, buscaremos a financiación tanto polo público como polo privado pero non queremos que nos predeterminen á hora de facelo cando aínda non coñecemos o seu custe”

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Esixir ao Goberno local a que cumpra o acordo plenario de xaneiro de 2020.
2. Instar á concelleira de Deportes a dar contas sobre que suxestións ten recollido dos clubs e dos grupos da oposición, que reunións ten realizado, con quen, e en que se teñen concretizado.
3. Instar ao goberno local a dar conta de qué trámites ten realizado para conseguir o financiamento para a construción da nova piscina cuberta de Santa Marta con fin de que esta sexa unha realidade canto antes.

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS SERVIZOS BÁSICOS EN VERDÍA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para adoptar as medidas necesarias para a mellora dos servizos básicos no relativo a transporte público, abastecemento e saneamento de auga, seguranza viaria, recollida de residuos e espazos de lecer para a infancia e maiores, de acordo cos propostas da asociación veciñal de Santa Mariña de Verdía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A directiva da asociación veciñal de Santa Mariña de Verdía trasladou diversas necesidades de servizos básicos no relativo a transporte público, abastecemento e saneamento de auga, seguranza viaria, recollida de residuos e espazos de lecer para infancia e maiores.

A veciñanza quedou incomunicada desde que Tussa asumiu o transporte público á parroquia de Verdía e non ofrece a liña de autobús que lle corresponde. Cómpre buscar unha solución á carencia de transporte público que lles afecta a 300 veciños e veciñas da parroquia de Verdía, co fin de que o Goberno local se comprometa a incluír, cando menos, frecuencias de ida e volta en horario de mañá e tarde para conectar co centro urbano.

Desde que Tussa asumiu o servizo de transporte, logo da eliminación de liñas de Autos Grabanxa e de que o transporte escolar deixase de prestar este servizo combinado para a veciñanza, prodúcese unha discriminación para a veciñanza de Verdía, que non dispón de autobús para ir traballar e onde hai moitas persoas maiores que non teñen conexión cos centros de saúde, hospitais e núcleo urbano para poder realizar a compra ou outras xestións.

En paralelo, son necesarias tamén melloras de seguranza viaria, como a instalación de marquesiñas de autobús para transporte escolar nas parroquias de Lobra e de Vilar de Outeiro, melloras nos pasos de peóns e ancho de vía que son insuficientes, canalización de pluviais, limpeza de cunetas e o asfaltado de tramos para poder acceder a vivendas.

Hai unha zona especialmente perigosa en canto á mobilidade situada entre a igrexa, o parque infantil e o centro sociocultural que carece de beirarrúas e pasos peonís, polo que é necesaria unha actuación de urxencia.

Cómpre mellorar tamén o parque infantil, tanto no material da superficie, na accesibilidade e no equipamento, pois precisa de xogos para diversas idades, bancos, papeleiras, barreiras de seguranza e sinalización. Desde a asociación propoñen trasladar o parque infantil ás inmediacións da pista cuberta e crear tamén alí un parque biosaudábel. Por outra parte, demandan que a antiga estación preste servizo á veciñanza e que se realice un proxecto para dala a coñecer e favorecer un novo espazo de encontro.

Desta asociación veciñal tamén advirten dos incumprimentos do Pacto polo Rural, asinado por todos os partidos políticos, no relativo a conseguir investimentos para dotar das redes de saneamento e abastecemento de auga, recollida selectiva de residuos e mellora de iluminación pública.

Demandan tamén que a Vía Verde, cuxo proxecto xa se está a desenvolver con éxito noutras localidades da comarca, se inclúa na nova convocatoria do IDAE para conseguir os fondos económicos para acometer esta obra por parte do Goberno municipal.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local adoptará as medidas necesarias para a mellora dos servizos básicos no relativo a transporte público, abastecemento e saneamento de auga, seguranza viaria, recollida de residuos e espazos de lecer para a infancia e maiores, de acordo cos propostas da asociación veciñal de Santa Mariña de Verdía.

MOCIÓN PARA FACER UNHA CAMPAÑA CONTRA AS VIOLENCIAS DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA CON MOTIVO DO 25N

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para facer unha campaña arredor do 25N contra as violencias de xénero na adolescencia, ademais de incrementar as partidas destinadas ao fomento da igualdade nos Orzamentos de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos estudos de carácter estatal sobre o impacto das violencias de xénero na mocidade alertan da necesidade de campañas de concienciación, polos datos que ofrecen da normalización de actitudes de control e abusos físicos e emocionais, tanto presenciais como mediante as novas tecnoloxías de comunicación. Se ben estes datos fan referencia ao conxunto do Estado, institutos e aulas universitarias de

Santiago de Compostela non son alleas a estas prácticas que desde as administracións cómpre colaborar para evitar.

O Barómetro Xuventude e Xénero 2021 da FAD advirte de que, das persoas enquisadas, as violencias sufridas máis habituais son, entre as mulleres, revisar o móbil (21,8%), forzar una relación sexual non desexada (20,5%), controlar toda a actividade (18,2%), controlar con quen pode saír ou falar (17,2%) e insultar e humillar (16,7%).

Ademais, a FAD cualifica de "especialmente preocupante" a crecente porcentaxe de rapaces que negan a existencia da violencia de xénero e a consideran un "invento ideolóxico". En catro anos, desde 2017 a 2021, a porcentaxe duplicouse e situáronse nun 20% as persoas adolescentes que negan a existencia de violencia de xénero, recolle o documento.

Os datos do informe "A situación da violencia contra as mulleres na adolescencia en España", da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero tamén son alarmantes. En canto á violencia sexual na adolescencia, o 14% das rapazas afirman sentir presión por actividades sexuais, presión exercida en case todos os casos (97,4%) por un home, que normalmente provén do rapaz co que están saíndo no 55,7% dos casos.

As situacións que experimentaron rapazas entre os 14 e os 20 anos son as relacionadas con mostrar (48%) ou solicitar (43,9%) fotografías sexuais e o 23,4% recibiu solicitudes de cibersexo en liña. Por outra banda, a situación máis frecuente que recoñecen facer os rapaces é solicitar fotografías en liña (17,1%) e solicitar cibersexo en liña (7,4%).

As situacións de violencia de xénero no ámbito da parella que padeceron con máis frecuencia as adolescentes son as de abuso emocional (17,3%), control abusivo xeral (17,1%) e control a través do móbil (14,9%). Ademais, o 11,1% afirma sentirse presionada por situacións sexuais en que non querían participar, por parte do rapaz co que están saíndo actualmente (16,9%) ou polo rapaz co que saían, querían saír ou querían saír con ela.

No caso concreto de Santiago de Compostela, o último estudo publicado polo Observatorio de Igualdade de Xénero en que se analizan as violencias machistas na adolescencia temperá foi en 2018 e contou coa participación de preto de 500 rapaces e rapazas de 3º da ESO. Froito deses resultados, desenvolveuse unha campaña coa difusión da banda deseñada "Game over", en que se convida a reflexionar e identificar casos de sexismo, violencias e desigualdade. Por poñer un exemplo, nese estudo dise que case a metade dos rapaces non identifica o illamento como unha situación violenta. Porén, máis das tres cuartas partes da mostra feminina apunta a esta situación como un contexto de violencia machista ou de xénero.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Universidade e cos centros de ensino secundario, realizará unha campaña informativa para sensibilizar sobre as violencias de xénero, coa identificación de malas prácticas de abuso físico e

emocional, ademais do control e acoso exercidos de maneira presencial ou mediante as novas tecnoloxías.

2.- O Concello de Santiago de Compostela, no proceso de elaboración dos Orzamentos, incluírá medidas con perspectiva e impacto de xénero en cada área, co obxectivo de reestruturar ingresos e gastos para promover a igualdade na prestación de servizos públicos municipais e, ademais, triplicará a cantidade destinada á prevención da violencia de xénero e fomento de igualdade en 2022.

3.- O Concello de Santiago de Compostela colaborará coas organizacións feministas nas mobilizacións que se convoquen para este 25N.

MOCIÓN SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción sobre o Anteproxecto de Lei de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto vén despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Os obxectivos reais do mesmo poden resumirse en dous: incrementar de xeito importante a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis, e derivar nas entidades locais, concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.

2.- Desde a súa chegada á presidencia da Xunta en 2009 a actuación do goberno do PP en relación coa xestión integral do ciclo da auga caracterizouse pola ausencia de planificación e programación. Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias galegas. O goberno presidido polo Sr. Feijoo nin tan sequera cumpre coas obrigas legais establecidas en leis elaboradas por el mesmo. Así, non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de Augas en 2010. Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración.

No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades establecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por facer ou incumprido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos concellos.

3.- A precaria situación da planificación e xestión da depuración por parte de Augas de Galiza fai que agora pretendan devolverlle esa responsabilidade aos concellos (20 anos despois de declarala de interese xeral), utilizando a modificación e elaboración de novos marcos legais para esquivar as súas obrigas. Mesmo usando mecanismos

de presión impropios dun goberno democrático, aqueles concellos que non acepten as condicións da Xunta non participarán dos investimentos en obras hidráulicas.

4.- Nos últimos doce anos a Xunta de Galiza non deu ningún paso para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora e xestión efectiva do ciclo da auga en Galiza precisa dun impulso real a ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego e non só sobre a bacía de Galiza-costa, xa que o resto do sistema é de competencia estatal.

5.- Este Anteproxecto de Lei pretende incrementar o recadado polo canon da auga coa súa modificación establecendo unha nova cota e sancionando polas perdas nas redes de abastecemento ás entidades titulares. E fai isto sen que por parte da Xunta avanzase na planificación do abastecemento. Como se se tratase dunha broma pesada faino nun ano no que vimos como as empresas eléctricas baleiraban impunemente os encoros galegos para lucrarse da nosa auga.

6.- O incremento do canon da auga como procedemento sancionador non é o único tributo que incrementa a Xunta. Así, transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos concellos do canon de depuración pola auga da chuva. Despois de anos de nula xestión por parte do goberno galego do sistema de depuración e da escasa colaboración cos concellos na mellora da rede de saneamento, pretende obrigar aos municipios a pagar pola depuración da auga da chuva nas edares que xestiona a Xunta.

Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte do goberno galego.

7.- O anteproxecto introduce a creación por parte da Xunta de aglomeracións urbanas para depuración, establecendo unha serie de obrigas de planificación e control, sen ningunha obriga para a Xunta e sen ningunha capacidade de decisión para as entidades locais integrantes. Novamente a Xunta substitúe a súa ausencia de planificación pola recarga de novas obrigas sobre os concellos e ameazas de procedementos sancionadores para os mesmos.

8.- Introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos municipios e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os concellos nesta materia. Ademais, invade competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (deputacións, concellos e Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta estivo recibindo fondos europeos para saneamento e depuración que foi incapaz de xestionar adecuadamente e que distribuíu no territorio de forma arbitraria e sen ningunha planificación que soportase os criterios de investimento.

9.- O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta. Novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o custe actual. A Xunta segue a introducir taxas nunha Lei evitando desta forma

a capacidade de introducir cambios ou acordos por parte das entidades ás que presta o servizo. Hai no Anteproxecto de Lei unha confusión interesada entre convenio e relación contractual pola prestación dun servizo que terían os concellos con Augas de Galicia como entidade empresarial.

10.- A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, entidades locais, comunidades de augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias...

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar a Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

2.- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión do ciclo da auga para a elaboración desta planificación.

MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO SE ADHIRA Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALIZA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para que o Concello de Santiago se adhira á iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo, Movistar, ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nin sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas.

Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento, a lexislación xeral audiovisual só establece porcentaxes obrigatorias de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa establecía algunhas medidas para corrixir esta situación

solicitando accións para:

Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP nº 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A IMPLANTACIÓN DE MELLORAS NO REFUXIO DE BANDO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, o Refuxio de Bando foi adquirindo unha dimensión metropolitana ou supramunicipal co incremento do número de concellos aos que da servizo. Así é que na actualidade aténdense desde as súas instalacións os cans e gatos abandonados ou extraviados dos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, Touro, Trazo, Dodro, Brión, Padrón e Val do Dubra.

A pesar deste inxente incremento do servizo e do traballo, o persoal do Refuxio segue a ser case o mesmo dende a creación do Refuxio, coa única modificación realizada no ano 2016, durante a etapa de goberno de Compostela Aberta, cando se dividiron os postos de traballo da dirección e veterinaria. Cinco anos despois, a carga de traballo continúa a aumentar e volvemos a encontrarnos un goberno local que parece non mirar nada polo Refuxio.

Actualmente existe un enorme incremento de animais, especialmente gatos, sobre todo no último ano. Cando a poboación de gatos do Refuxio de Bando era normalmente en torno os 60-70, agora mesmo son en torno a 200, máis os tamén case 200 cans, fan evidente a necesidade de estudar un reforzo de persoal, como mínimo nos momentos de sobrecarga como os actuais. Tanto de persoal operativo como veterinario.

Así mesmo, é preciso dotar o persoal que traballa de Refuxio de material de traballo para desenvolver as súas funcións, así como implementar medidas de prevención de

riscos laborais e de seguridade para o persoal, e recuperar o servizo de limpeza externo co que contaban parte das instalacións e oficinas, eliminado hai uns anos. No orzamento do ano 2021 introduciuse unha partida de 40.000 euros para renovar as cancelas do Refuxio, e a data de hoxe, non se ten realizado ningunha xestión para a execución deste gasto.

En xeral, é necesario que o Concello de Santiago retome as campañas de sensibilización e de colaboración coas clínicas veterinarias para a esterilización de gatos, onde se está a ver un incremento dramático nas entradas no Refuxio de animais. Trátase de iniciativas que xa se teñen impulsado no pasado, con gobernos de diferentes cores políticas.

Preocupadas por esta pasividade do goberno local e porque se estaba trasladando a idea da privatización do servizo, e coa incertidume e preocupación lóxica que isto provoca no persoal do Refuxio polos seus postos de traballo, o grupo municipal de Compostela Aberta trasladou a seguinte pregunta no Pleno de Febreiro de 2021:

Que plans de futuro ten o goberno municipal para o Refuxio de Bando, prevé renegociar o convenio laboral dos traballadores e incumplir o acordo no Padroado no ano 2006, e segue contemplando a privatización do servizo?

Ao que, en síntese, a concelleira de Benestar Animal respondeu, malgastando grande parte do seu tempo de resposta, o seguinte:

“Nestes momento estamos dando pasos conxuntos coa directora para arranxar as deficiencias de funcionaridade, reorganizando as tarefas para ver se somos máis eficientes e mirar se somos capaces de reflotalo, con respecto ao convenio (...) que vence neste ano, e se queríamos negocialo teríamos que facelo nos dous últimos meses do ano (...) que vamos facer co Refuxio? pois iremos vendo según vaia avanzando o tempo e iremos facendo, e sempre consensuado co padroado”

Con esta actitude e este tipo de respostas, non é de estrañar que exista un enorme malestar coa actual xestión política do Refuxio e que aparezan na rede campañas como o Change.org que pide a dimisión “por inacción” das Concelleiras de Benestar Animal e da de Políticas Sociais, coa recollida de máis de 1.600 asinaturas.

Con moita preocupación e tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Reforzar o persoal operario e veterinario do Refuxio de Bando.
2. Dotar de material de traballo e de medidas para a prevención de riscos laborais e de seguridade.
3. Recuperar o servizo de limpeza externo das instalacións que existía fai anos e que é preciso.
4. Realizar campañas de sensibilización en contra do abandono e campañas de esterilización dos gatos, en colaboración con clínicas veterinarias.
5. Executar a partida de investimento dotada con 40.000 euros para a renovación de

cancelas.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A RECUPERACIÓN DUNHA OFERTA DIVERSA E INCLUSIVA DE ACTIVIDADES PARA OS LOCAIS E CENTROS RURAIS DA REDE DE CSC

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O impacto da pandemia da Covid ten sido moi negativo en xeral, mais ao mesmo tempo desencadeou certas mudanzas na forma en que entendemos os espazos. Neste sentido, é evidente que existe unha revalorización dos espazos abertos, e das actividades neles desenvolvidas, en xeral e aínda máis especialmente aqueles máis ligados ao medio natural. É por isto último que entendemos que para as parroquias rurais de Santiago ábrese unha etapa de enorme potencialidade como lugares para poder programar actividades neste inicio de curso 2021-2022. O espazo rural é agora un espazo desexado para o encontro, para a actividade colectiva, un espazo con numerosos equipamentos municipais para gardarse da soidade non desexada.

Estamos diante dunha necesidade que precisa resposta das institucións de proximidade. O Concello debe abrir novas canles no espazos veciñais para coidar dos veciños e veciñas que precisan de lugares acolledores e de propostas que fomenten o relacionamento social. É o momento de que o Concello amplie as súas propostas e impulse novas actividades nos centros e locais socioculturais de toda a nosa xeografía, tanto nos urbanos como especialmente nos rurais, para que estes equipamentos volvan ser espazos de encontro. Nestes intres cómpre adaptar os modelos anteriores que xa ficaron obsoletos e adaptalos ás novas necesidades.

Neste sentido, cómpre ter unha visión ampla, e relacionada coa demanda de actividades ao aire libre, é importante non limitar, as mesmas, ás realizadas nos equipamentos socioculturais e fomentar propostas nas zonas abertas, parques, camiños, montes do municipio... espazos moitas veces descoñecidos para a xente que non ten vencello directo con eses lugares. Hoxe moitas cidades europeas ollan cara estes espazos como espazos de oportunidade para o fomento de hábitos de vida saudables e tamén para liberar de presión o centro das cidades. As nosas parroquias, vizosas en patrimonio material e inmaterial, con equipamentos propios, son espazos ideais para non quedar atrás e desenvolver esta tendencia.

E sen embargo, contrariamente a este tendencia de revalorización do rural como espazo de oportunidade, o goberno local está nun proceso de desmantelamento da proposta de actividades e polo tanto da Rede de Centros Socioculturais sitos no rural. Os centros do rural están desatendidos cunha oferta menor de actividades, cunha redución dos grupos e con restricións no uso dos espazos. E moitas veces mantendo a actividade grazas ao compromiso das asociacións que, ante a falta de apoio municipal deciden facer un esforzo e manter moitas propostas para que a veciñanza continúe a ter unha oferta ampla.

O goberno local semella parece querer aproveitar a pandemia para traballar peor e sobre todo para desatender o rural, como se nada sucedese, non percibe as novas necesidades, e en vez de conseguir avanzar e ampliar a oferta de actividades, nen

sequera consegue alcanzar o nivel prepandemia (VER ANEXO). En definitiva, non aproveita as novas oportunidades, e inclusive se pode decir que camiña para atrás.

Fronte á desatención dos locais de ámbito rural na Rede de Centros Socioculturais que sofren recortes nas súas actividades de base, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta o seguinte **ACORDO** para debate plenario:

1. Que o correspondente órgano de goberno recupere inmediatamente as horas de actividades suprimidas nos locais e centros rurais da Rede de Centros Socioculturais.
2. Que o correspondente órgano de goberno abra unha convocatoria dotada cun mínimo de 30.000 euros para desenvolver actividades no espazo rural do municipio durante o ano 2022, a prol do desenvolvemento da acción sociocultural nas terras rurais do municipio.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO IMPULSA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL QUE CONECTE O LUGAR DA GRACIA CO POLÍGONO DO TAMBRE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal, durante o goberno de Compostela Aberta, unha das prioridades do executivo local foi mudar as inxustas dinámicas de abandono do medio rural que historicamente viña mantendo o Concello de Santiago, e ás que pensamos que se está volvendo actualmente. Partindo desta premisa buscouse mellorar a calidade de vida das persoas que habitan o rural e aumentar todo os servizos e equipamentos municipais nas parroquias rurais.

Ademais, esixímoslle ás demais administracións públicas a execución das infraestruturas pendentes, logrando a posta en marcha de proxectos historicamente demandados. Foi unha etapa na que se apostou por un rural máis vivo, cun tecido sociocomunitario fortalecido, e que poidera dispor de actividades culturais diversas a desenvolver nas parroquias, descentralizando a oferta municipal antes concentrada na cidade.

Así, e dentro deste cadro xeral de actuación, no lugar da Gracia realizáronse os proxectos -de común acordo coa veciñanza- para reformar o centro sociocultural e facelo máis accesible, para humanizar o campo da festa, mellorar a pavimentación, o alumeado e o axardinamento. Também se dotou de bancos e dunha fonte bebedeiro, co obxectivo de facer máis cómoda unha contorna natural que xa de por sí é espectacular. Traballos e obras que puido rematar o goberno actual xa que viñan de ser incluídos polo anterior goberno no Plan Único da Deputación, cumprindo co compromiso de que os fondos provinciais foran integramente destinados ao rural.

Neste contexto, iniciouse un pequeno tramo dunha senda peonil para unir esta nova contorna co Polígono do Tambre, que ao final sería a continuación da Via de la Cierva até a propia contorna do Centro Sociocultural e Ermida de San Silvestre. O obxectivo sería realizar un proxecto para completar esta conexión e que finalmente todo este equipamento municipal ficase máis accesible e case incorporado á trama urbana,

posto que está moi próximo da zona industrial.

A construción desta senda facilitaría o tránsito peonil, e mesmo de bicicletas, cun dobre obxectivo tanto para que as persoas do rural poidan acceder á zona urbana con maior facilidade e sen os perigos de seguridade viaria actuais. Ao tempo que tamén facilita que as persoas que habitan o rural teñan mellor acceso a un equipamento que coa súa renovación adquira xa unha dimensión maior e que pode funcionar como foco de atractivo para desfrute do conxunto da cidadanía.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta o seguinte **ACORDO** para debate plenario:

Instar ao goberno local a continuar cos traballos de mellora iniciados no lugar da Gracia coa realización dun proxecto e posterior construción dunha senda peonil que una a contorna do Centro Sociocultural e Ermida de San Silvestre co Polígono do Tambre, facilitando o tránsito das persoas e vehículos non motorizados e mellorando a seguridade viaria en toda a contorna.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A DEMANDA AO GOBERNO DO ESTADO DO ESTABLECEMENTO DE BONIFICACIÓNS NAS PEAXES DA AUTOESTRADA AP-53 QUE COMUNICA SANTIAGO DE COMPOSTELA E OURENSE (Substitúe a anterior presentada polo grupo municipal do PP).

Galicia padece un agravio comparativo en materia de infraestruturas viarias con respecto a outras comunidades autónomas polas peaxes das autoestradas estatais, que inciden negativamente na economía doméstica e reducen competitividade ás empresas, agravando o efecto da situación xeográfica periférica na que se atopa.

A comezos de setembro dúas autoestradas estatais, de Aragón e de Cataluña, quedaban liberadas de peaxe pola fin da concesión, un feito que sitúa a Galicia como a comunidade con máis peaxes nas autoestradas estatais.

O pasado 29 de setembro, o Pleno do Parlamento de Galicia acordaba por unanimidade realizar unha demanda ao Goberno do Estado para que establecera bonificacións na autoestrada AP-53 que comunica Santiago e Ourense.

É unha medida moi necesaria e agardada desde hai tempo tendo en conta, entre outros motivos, que se trata da conexión máis directa por estrada entre a capital de Galicia e o centro da península, que é un dos tramos máis caros do Estado e debe ser das poucas -senón a única autoestrada- que non ten ningún tipo de bonificación para as persoas usuarias.

O propio Pleno do Concello de Santiago adoptou por unanimidade hai máis de 5 anos un acordo para a rebaixa da “inasumible” peaxe da AP-53 entre Santiago e Ourense -que incluía a solicitude da transferencia á Xunta de Galicia desta autoestrada-, sen que ata o de agora se teña logrado ningún resultado concreto.

Tendo en conta a recente unanimidade acadada no Parlamento de Galicia respecto a esta autoestrada, os grupos municipais do Concello de Santiago propoñen adherirse ao texto aprobado na Cámara galega sometendo ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53, que vertebra o interior de Galicia, comunicando Santiago e Ourense, similares ás que se veñen de aplicar na AP-9, tendo especialmente en conta aos usuarios recorrentes e aos transportistas e incluíndo a familias numerosas.

MOCIÓN PARA ESTABLECER UNHA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O PAGAMENTO DA FACTURA ELÉCTRICA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos os elevados custos da factura eléctrica levaron ás distintas Administracións públicas a implantar axudas para que aqueles sectores da cidadanía máis necesitados -en función da súa renda dispoñible- puidesen ter acceso e mantivesen un servizo básico esencial, combatendo as situacións cualificadas como de pobreza enerxética.

Así, desde o Goberno do Estado estableceuse un bono social eléctrico (regulado polo RD 897/2017, do 7 outubro) para cubrir parte do importe dos recibos dos considerados consumidores vulnerables ou vulnerables severos, respectivamente.

En Galicia, a Xunta está a complementar as axudas do Estado para o caso dos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

Pola súa parte, no Concello de Santiago de Compostela, o Goberno de Agustín Hernández introduciu a renda social básica no ano 2015 da cal derivou unha nova ordenanza, coas correspondentes convocatorias posteriores, que contempla unha liña de prestacións por pobreza enerxética, para débedas de electricidade ou gas por impagos puntuais ou alta de subministro por nova vivenda.

Non obstante as anteriores axudas, é un clamor social a deriva da factura da luz no marco dunha complicada situación económica actual, marcada por un IPC en constante progresión e cos vertixinosos ascensos dos prezos da enerxía (ata un 44% de suba do recibo da luz no último ano). A maiores, aparecen ameazas de novas cargas como o “sistema de tarificación das autovías”, do que haberá que estudar a súa concreta repercusión no futuro, pero que sen dúbida van afectar negativamente aos transportes, á produción de bens e servizos e, en definitiva, ás economías domésticas. Todas as tendencias, pois, vaticinan un repunte das xa estendidas condicións de precariedade para gran parte de poboación.

Neste escenario, as ditas axudas para afrontar o pagamento da factura eléctrica estanse a mostrar xa claramente insuficientes e non dan cobertura ao aumento disparado do custo do consumo eléctrico en diversos ámbitos. Por mor disto, e para contribuír á imperiosa necesidade de axudar á reactivación económica, o Grupo Popular presenta a seguinte proposta de **ACORDO**

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local á creación dunha Comisión Municipal -integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de

cada grupo municipal- para que, previo o estudo pertinente, estableza as condicións dunha convocatoria específica de axudas destinada ao pagamento da factura eléctrica para os colectivos máis necesitados e para, con carácter xeral, as persoas segundo o nivel mínimo de renda. Estas axudas tamén deberán atender aos autónomos e pemes, especialmente do sector comercial e hostaleiro, establecendo os colectivos e sectores prioritarios conforme á maior necesidade e segundo un baremo que teña en consideración o aumento de costes eléctricos e a súa repercusión na facturación.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA, sobre a construción dunha piscina cuberta en Santa Marta, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Esixir ao goberno local a que cumpra o acordo plenario de xaneiro de 2020.
2. Instar á concelleira de Deportes a dar conta sobre que suxestións ten recollido dos clubs e dos grupos da oposición, que reunións ten realizado, con quen, e en que se teñen concretizado.
3. Instar ao goberno local a dar conta de qué trámites ten realizado para conseguir o financiamento para a construción da nova piscicina cuberta de Santa Marta con fin de que esta sexa unha realidade canto antes.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora dos servizos básicos en Verdía, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o goberno local adopte as medidas necesarias para a mellora dos servizos básicos no relativo a transporte público, abastecemento e saneamento de auga, seguranza viaria, recollida de residuos e espazos de lecer para a infancia e maiores, de acordo cos propostas da asociación veciñal de Santa Mariña de Verdía.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para facer campaña contra as violencias de xénero na adolescencia con motivo do 25N, á que presentou emenda in voce a concelleira dona Mercedes Rosón, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que:

- 1.- O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Universidade e cos centros de ensino secundario, realizará unha campaña informativa para sensibilizar sobre as violencias de xénero, coa identificación de malas prácticas de abuso físico e emocional, ademais do control e acoso exercidos de maneira presencial ou mediante as novas tecnoloxías.
- 2.- O Concello de Santiago de Compostela, no proceso de elaboración dos Orzamentos de 2023, incluírá medidas con perspectiva e impacto de xénero en cada área, co obxectivo de reestruturar ingresos e gastos para promover a igualdade na prestación de servizos públicos municipais e, ademais, duplicará a cantidade destinada á prevención da violencia de xénero e fomento de igualdade en 2022.
- 3.- O Concello de Santiago de Compostela colaborará coas organizacións feministas nas mobilizacións que se convoquen para este 25N.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o anteproxecto da lei de mellora da xestión do ciclo da auga, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 5 CA e 10 PSdeG-PSOE) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda:

1.- Instar a Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

2.- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión do ciclo da auga para a elaboración desta planificación.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para que o concello se adhira á iniciativa Xabarín do Parlamento, e despois de ser admitida a emenda presentada polo grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda adherirse á resolución unánime acadada no Pleno do Parlamento de Galicia o 12 de maio de 2021 e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 142 do 21 de maio de 2021, para unha mellor difusión da programación infantil e da mocidade en galego; e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVG.

A moción presentada polo grupo municipal de CA para a implantación de melloras no Refuxio de Bando, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (8 PP e 10 PSdeG-PSOE), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Reforzar o persoal operativo e veterinario do Refuxio de Bando.
2. Dotar de material de traballo e de medidas para a prevención de riscos laborais e de seguridade.
3. Recuperar o servizo de limpeza externo das instalacións que existía fai anos e que é preciso.
4. Realizar campañas de sensibilización en contra do abandono e campañas de esterilización dos gatos, en colaboración con clínicas veterinarias.
5. Executar a partida de investimento dotada con 40.000 euros para a renovación de cancelas.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA para a recuperación dunha oferta diversa e inclusiva de actividades para os locais e centros rurais da rede de CSC, e tras ser aceptada a emenda presentada polo PP como adición, e despois de ser votada separada por puntos, adóptanse os seguintes acordos:

1.- O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o correspondente órgano de goberno recupere inmediatamente as

horas de actividades suprimidas nos locais e centros rurais da Rede de Centros Socioculturais.

2.- O Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que o correspondente órgano de goberno abra unha convocatoria dotada cun mínimo de 30.000 euros para desenvolver actividades no espazo rural do municipio durante o ano 2022, a prol do desenvolvemento da acción sociocultural nas terras rurais do municipio

3.- O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o correspondente órgano de goberno axilice o expediente de licitación para o novo contrato de “Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela”, aprobado en Xunta de Goberno Local do 25 de outubro de 2021, outorgándolle unha especial consideración ás actividades socioculturais a desenvolver no ámbito rural do municipio.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para que o concello impulse a construción dunha senda peonil que conecte o Lugar da Gracia co Polígono do Tambre, á que presentou emenda o grupo municipal do PP e que retiraron, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao goberno local a continuar cos traballos de mellora iniciados no lugar da Gracia coa realización dun proxecto e posterior construción dunha senda peonil que una a contorna do Centro Sociocultural e Ermida de San Silvestre co Polígono do Tambre, facilitando o tránsito das persoas e vehículos non motorizados e mellorando a seguridade viaria en toda a contorna.

No tocante á moción conxunta de todos os grupos políticos municipais (PP, PSdeG-PSOE, CA e BNG), que substitúe á anterior presentada polo grupo municipal do PP para demandar ao goberno do estado do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada AP-53, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53, que vertebra o interior de Galicia, comunicando Santiago e Ourense, similares ás que se veñen de aplicar na AP-9, tendo especialmente en conta aos usuarios recorrentes e aos transportistas e incluíndo a familias numerosas.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para establecer unha convocatoria específica para o pagamento da factura da luz, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), rexeita a devandita moción.

Remata a sesión cando son 19:54 horas. Dou fe.

